PAU 2026

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

(Cód. 82)

Os criterios de avaliación atéñense ao establecido para esta materia e curso no currículo oficial vixente (Decreto 157/2022 *de 15 de septiembre, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia).*
Estes criterios aplícanse de acordo cos contidos e competencias referidas ás preguntas concretas da proba.

A distribución da puntuación para cada pregunta e/ou apartado é a que figura no MODELO DE EXAMEN publicado na páxina oficial da CIUG.
Con carácter máis concreto, atenderase ás indicacións que seguen, para cada pregunta.

Pregunta 1 (3 puntos)
- Determinación e definición do xénero escollido: 0,5puntos.
- Identificacion e descrición de dúas ideas presentes no texto e/ou na imaxe, relacionadas co xénero: 1 punto
- Localización histórica e xeográfica (tradición local na que se incardina) do xénero tratado: 0,5 puntos.
- Relación do xénero co seu contexto histórico: outros xéneros, expresión artísticas e culturais, función social, etc.: 0,5 puntos.
- Redacción e presentación da resposta: ordenamento expositivo, xerarquización de contidos, emprego de terminoloxía específica: 0,5 puntos.

Pregunta 2 (2 puntos)
- Adecuación da obra escollida e xustificación da mesma en función do xénero e/ou estilo: 0,5 puntos.
- Descrición de aspectos formais da obra escollida: 0,5 puntos
- Cronoloxía, contexto histórico e aspectos sociais do xénero da obra escollida: 0,5 puntos.
- Vocabulario técnico ou específico, e corrección expositiva 0,5 puntos.

Pregunta 3 (3 puntos)
- Adecuación das obras escollidas e xustificación en relación co tema, en función do xénero e/ou estilo: 1 punto por cada unha das dúas obras que se propoñan; 2 puntos, no caso de propoñer unha obra.
- Contextualización histórica das obras en relación co tema: cronoloxía, contexto social, etc.: 1 punto.

Pregunta 4 (2 puntos)
Pola resposta correcta a cada un dos dous subapartados da pregunta, na imaxe escollida: 1 punto.

NOTA XERAL: A puntuación indicada para cada ítem, enténdese como máxima para o caso de respostas completamente correctas. As respostas parcialmente correctas, poderán recibir puntuación por debaixo do máximo previsto.